

PROPOSTA II PLAN RESCATE DA XUNTA DE GALICIA

PARA ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS E ÁS MICROEMPRESAS

OBXECTIVO:

Continuar acompañando ás persoas traballadoras autónomas e ás microempresas na situación económica da covid-19.

Tendo en conta que os apoios deben ir dirixidos ao mantemento da actividade económica e o emprego.

NOVA LIÑA - AXUDAS AUTOMÁTICAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA E OUTRAS ACTIVIDADES PECHADAS

OBXECTIVO:

Acompañar o sector da hostalaría e outras actividades pechadas conforme normativa ditada polas autoridades sanitarias.

PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS E MICROEMPRESAS

Unha liña de axudas con 2 programas

PROGRAMA I - Persoas traballadoras autónomas

Persoas beneficiarias

Persoas autónomas dadas de alta no RETA ou Réxime do Mar, incluídas as persoas autónomas societarias.

Autónomos de temporada que acrediten alta no RETA de un mínimo de 4 meses durante cada un dos anos 2018 e 2019.

Requisitos

Estar de alta como persoas autónomas no RETA ou Réxime do Mar, incluídas as persoas autónomas societarias ou en situación asimilada e que se atopen nunha situación de descenso de facturación de polo menos o 45% no ano 2020 en relación co ano 2019.

Para os autónomos de tempada, acreditar ter estado de alta, polo menos 4 meses, en cada un dos anos 2018 e 2019, e cumpran co requisito de descenso de facturación sinalado.

Características da axuda

A contía de apoio será establecida en función do % de descenso de facturación conforme á seguinte escala:

- a) Descenso de facturación entre o 45% e 60%. - Apoio de 1.200 €
- b) Descenso de facturación de máis dun 60%. - Apoio de 2.000 €
- c) Descenso de facturación dun 70% ou máis dun 70%. - Apoio de 3.000 €

As persoas autónomas de temporada percibirán unha minoración do 50% respecto dos importes establecidos eo descenso de facturación se calculará conforme a media mensual dos meses do ano 2019 cos do ano 2020.

Compatibilidade con calquera tipo de axuda do Plan de Rescate da Xunta de Galicia e de outras administracións públicas.

Compromiso das persoas traballadoras autónomas

- Manter a actividade económica de alta durante 2 meses desde a publicación da orde de axudas.

- Exceptúanse do cumprimento deste requisito os autónomos de temporada.

PROGRAMA II - Microempresas

Persoas beneficiarias

Microempresas ou traballadores autónomos con persoal contratado ao seu cargo e que pertencen a calquera tipo de sector económico.

Excepcionalmente poderán ser beneficiarias as empresas que teñan ata 25 persoas de traballadoras e o volumen de facturación non sexa superior a 2 mill de €

Requisitos

Ter un descenso e facturación de polo menos o 45% no ano 2020, realizándose unha comparación entre os anos 2019 e 2020.

Excepcionalmente poderán acollerse as empresas creadas ao longo do ano 2019 ata abril de 2020 que poidan demostrar un descenso na facturación media mensual dos meses con actividade do ano 2019 coa facturación media mensual do ano 2020.

As empresas creadas dende xaneiro ata abril de 2020, deberán acreditar o descenso de facturación media mensual por comparación entre o primeiro trimestre de 2020 e os tres trimestres restantes de 2020.

Características da axuda

O apoio económico se establece en función do nivel de descenso de facturación e tendo en conta o número de persoas traballadoras ao seu cargo.

- a) Descenso de facturación entre o 45% e 60%.- Apoio de 4.000 €
- b) Descenso de facturación de máis dun 60%.- Apoio de 5.000 €
- c) Descenso de facturación dun 70% ou máis dun 70%.- Apoio de 6.000 €

Dita cantidade se incrementará ata 3.000 € en función do número de persoas traballadoras e conforme os seguintes tramos:

- De 4 o mais persoas traballadoras ata 9 incluído.- 1.000 €
- De 10 o mais persoas traballadoras ata 20 incluído.- 2.000€
- De 21 o mais persoas traballadoras ata 25 incluído.- 3.000 €

Compatibilidade con calquera tipo de axuda do Plan de Rescate da Xunta de Galicia e de outras administracións públicas.

Compromiso das microempresas

- Manter a actividade económica e o emprego durante 4 meses desde a publicación da orde de axudas.
- Non se considerará incumplido o devandito compromiso cando o contrato de traballo se extinga por despedimento disciplinario declarado como procedente, dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez da persoa traballadora, nin polo fin do chamamento das persoas con contrato fixo-discontinuo, cando este non supoña un despedimento senón unha interrupción do mesmo. En particular, no caso de contratos temporais ou compromiso de mantemento do emprego, non se entenderá incumplido cando o contrato se extinga por expiración do tempo convido, ou a realización da obra ou servizo que constitúe o seu obxecto, ou cando non poida realizarse de forma inmediata a actividade obxecto de contratación.

AXUDAS AUTOMÁTICAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA E OUTRAS ACTIVIDADES PECHADAS

PROGRAMA I - HOSTALARÍA

Persoas beneficiarias

Os traballadores autónomos, microempresas ou pemes do sector de hostalaría que se vexan afectados polo peche conforme normativa ditada polas autoridades sanitarias.

Requisitos

- Desenvolver a actividade de hostalaría nun concello de Galicia que estea afectado polo peche ditado pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia desde o 9 de xaneiro.
- Ou polo peche establecido pola Orden de 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Aos efectos destas axudas entenderase que está afectado polo peche, aquel establecemento que non poida ter aberto ao público o interior do mesmo, independentemente do servizo en terrazas e do servizo de envío a domicilio ou recollida no local.

Características da axuda

- Apoio dos establecementos pechados desde o 9 de xaneiro de 2021 percibirán unha axuda única de 2.700 €
- Apoio dos establecementos pechados desde o 27 de xaneiro percibirán unha axuda única de 1.900 €
- Para empresas de 10 ou máis de 10 persoas traballadoras incrementarse en 1.000 € as cantidades establecidas.
- Compatibilidade con calquera tipo de axuda do Plan de Rescate da Xunta de Galicia e de outras administracións públicas.

PROGRAMA II - OUTRAS ACTIVIDADES PECHADAS [Nova Liña](#)

Persoas beneficiarias

Os traballadores autónomos, microempresas ou pemes que desenvolvan unha actividade económica que se vexa afectada polo peche conforme normativa ditada polas autoridades sanitarias.

Aos efectos desta orde entenderase pechadas as actividades pola Orden de 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, recollidas no apartado 4.- medidas especiais para determinadas actividades.

Características da axuda

- Apoio dos establecementos pechados desde o 27 de xaneiro percibirán unha axuda única de 1.900 €
- Para empresas de 10 ou máis de 10 persoas traballadoras incrementarse en 1.000 € a cantidades establecida.
- Compatibilidade con calquera tipo de axuda do Plan de Rescate da Xunta de Galicia e de outras administracións públicas.